

The background of the poster features a vibrant scene. On the left, a woman with long blonde hair, wearing a red and white patterned sun hat and red sunglasses, is shown in profile, looking towards the right. She is holding a blue bag. In the center, a large, bright yellow sun with white triangular rays is partially obscured by the text. To the left of the sun, there is a green wooden structure with a circular window and a small white bell. Below the sun, a green leaf with water droplets is visible. In the foreground, two young boys are sitting on the grass, looking towards the water. The boy on the left is wearing a blue cap and an orange shirt, while the boy on the right is wearing an orange shirt. The water is blue and reflects the sun and the sky. The overall atmosphere is bright and cheerful, typical of a summer day.

Actividades de VERÁN 2016

Concello de  Oleiros

www.oleiros.org

MINICAMPAMENTOS



Descrición:

Cos Minicampamentos abrimos as portas do tempo libre no medio natural para todos os pica-riños e picariñas que teñan aproximadamente entre 3 e 6 anos de idade. En concreto para os/as nenos/as nados/as entre o **2013 e o 2012 os Mini3**, e os **Mini5 para os/as nados/as entre o 2010 e o 2011**.

Son campamentos en versión “mini”, onde o que de verdade é grande é a diversión, as aventuras e as experiencias que axuden ao seu desenvolvemento san e á súa autonomía.

Este ano as actividades estarán relacionadas coa vida das aves en Galicia e achegarémonos ao seu mundo e á súa presenza nos nosos ceos, bosques e ríos... Fomentando unha actitude positiva cara ao noso medio natural, ademais de educar na convivencia e no respecto aos demais, o xogo e o contacto coa natureza serán imprescindibles.

Estas actividades educativas pretenden proporcionarlles aos nenos e ás nenas diversión, aventuras e experiencias que favorezan a súa autonomía e a adquisición de hábitos saudables. Pequenos campamentos que educan na convivencia e na socialización, nos que o xogo e o contacto coa natureza son os protagonistas.

Temporalización:

As actividades terán lugar no CEIP Isidro Parga Pondal, Santa Cruz de Liáns.

- **Mini 3 Os tordaviscos máis listos:** 29 e 30 de xuño e 1 de xullo (25 prazas)
- **Mini 3 As xacias dos ríos:** do 10 ao 12 de agosto (25 prazas)
- **Mini 5 As maruxainas dos mares:** do 18 ao 22 de xullo (25 prazas)
- **Mini 5 Os biosbardos das fragas:** do 22 ao 26 de agosto (25 prazas)

Dous formatos distintos:

● **Mini 3:** Son tres días de actividade **sen facer noite** con horario de **10:00 a 17:00 h.**


● **Mini 5:** Neste caso o horario do campamento é de **10:00 h a 19:00 h**, ata o 4º día no que teñen a posibilidade de quedarse a durmir nas tendas. O último día, son recollidos polas familias ás 13:00 h.

Destinatarios/as:

Nesta experiencia poderán participar os pequenos e pequenas que teñan entre 3 e 6 anos de idade, aínda que **recomendamos os Mini 3 para aqueles nenos e nenas de 3 a 4 anos** nados entre xullo de 2013 e agosto de 2011, e os **Mini 5 para os “maiores”, de 5 e 6 anos** nados entre xullo de 2009 e agosto de 2010 .

Obxectivos:

- Aprender xogando.
- Fomentar a convivencia e o respecto mutuo, a través de actividades colectivas.
- Achegarse ao coñecemento do seu contorno máis próximo.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar en hábitos de alimentación saudable.



CAMPAMENTOS

Descrición:

A evolución lóxica dos Minicampamentos que corresponde ao nivel de maduración dos/as cativos/as, son os campamentos e excursións curtas para nenos e nenas que naceron entre o 2006 e o 2009. Avanzamos na adquisición de hábitos saudables e na diversión colectiva. Os grandes xogos, a convivencia e as actividades relacionadas coa avifauna en Galicia, favorecendo o seu coñecemento e conservación en permanente contacto coa natureza, serán o cerne dos “campas”.

Horario:

- 1º e 2º día: de 10:00 h a 19:00 h.
- 3º e 4º día: completos, facendo noite nas tendas.
- 5º día: recollidos polas familias ás 13:00 h.



Temporalización:

As actividades terán lugar no CEIP Isidro Parga Pondal, Santa Cruz de Liáns.

- **Campamento Punta do Corvo:** do 4 ao 8 de xullo (30 prazas)
- **Campamento Illa do Castelo:** do 1 ao 5 de agosto (30 prazas)



Destinatarios/as:

Nesta experiencia poderán participar os nenos e nenas **nacidos entre o ano 2006 e o 2009.**

Obxectivos:

- Ofrecer alternativas divertidas e saudables ao tempo libre dos nenos e das nenas.
- Educar para a convivencia, a cooperación e o respecto cos/as compañeiros/as.
- Investigar sobre os valores naturais e histórico-artísticos do medio inmediato.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar na consecución de hábitos alimenticios saudables.



EXCURSIÓNS DE VERÁN

Descrición:

Despois de que os nenos e as nenas gozasen de actividades preto da súa contorna (Minicampamentos e campamentos), propoñemos a posibilidade de participar en dúas excursións a fermosos espazos naturais, para que coñezan lugares espectaculares e de grande interese ambiental onde vivir aventuras inesquecibles.

Así pois, aos nenos e ás nenas que naceron entre o ano 2006 e o 2009, propoñémoslles un destino clásico nas nosas programacións, as **Fragas do Eume**, un dos bosques atlánticos mellor conservados de toda Europa moi preto da nosa casa, e nun dos equipamentos máis interesantes de Galicia, o **albergue Alvarella**.

Para os mozos e mozas que naceron entre o ano 2001 e 2004, propoñemos a excursión **Mar de Lira-Carnota**, onde terán a oportunidade de achegarse á costa de Muros, Carnota, Lira..., como lugar máxico e de lendas..., e vilas mariñeiras onde o contacto coas súas xentes e paisaxes, sempre é lembrado cun sorriso. Unha forma diferente de gozar dun anaco de costa das máis fermosas do mundo...



Temporalización:

- **Se naciches entre o ano 2002 e o 2005 (de 11 a 14 anos):**

Excursión Mar de Lira - Carnota: do 11 ao 15 de xullo (27 prazas).

- **Se naciches entre o ano 2006 e o 2009 (de 7 a 10 anos):**

Excursión Fragas do Eume: do 17 ao 19 de agosto (40 prazas).



Destinatarios/as:

Para **Mar de Lira** poden inscribirse rapaces e rapazas que nacesen entre o ano **2002 e o ano 2005**. Para os que nacesen entre o ano **2006 e o ano 2009**, propoñemos unha excursión moi preto de nós: ás **Fragas do Eume**.

Obxectivos:

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, xeográfico e cultural das comarcas visitadas.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo.
- Ofrecer novos xeitos de aprender en contacto directo co medio.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar na consecución de hábitos alimenticios saudables.



HORTAS NO VERÁN



Descrición:

Despois de case dúas décadas desenvolvendo o programa de Hortas Escolares, estamos convencidos todos os axentes educadores que participamos nel, que a horta constitúe un gran xacemento de recursos educativos. O seu potencial vén dado pola riqueza de temáticas que se poden tratar na súa realización, con multitude de experiencias e vivencias, contidos pedagóxicos (conceptos, procedementos, actitudes, valores) e a forza de conexión co medio natural e social do medio máis próximo.

Non se trata dunha parcela na que cultivamos tomates ou leitugas, senón que debemos entendelo como un espazo no que imos tratar unha serie de contidos encamiñados a desenvolver as capacidades dos nenos e das nenas.

Por outra banda, o gran número de recursos didácticos que suxire o traballo ao aire libre, ver como medran as plantas grazas ao noso traballo... son razóns suficientes para realizar esta actividade que constitúe un recurso educativo moi interesante. Ademais este ano faremos unha vista ao mercado de Perillo para aprender algo máis da horta e a alimentación saudable.

Temporalización:

- **Primeira quenda: do 4 ao 15 de xullo, de luns a venres**
 - ◆ CEIP R. M^a del Valle- Inclán: 10:30 h - 11:30 h (20 prazas)
 - ◆ Escola infantil As Galeras: 12:00 h - 13:00 h (20 prazas)
- **Segunda quenda: do 1 ao 12 de agosto, de luns a venres**
 - ◆ Escola infantil As Galeras: 10:30 h - 11:30 h (20 prazas)
 - ◆ CEIP R. M^a del Valle - Inclán: 12:00 h - 13:00 h (20 prazas)

Destinatarios/as:

Nenos e nenas que teñan **cumpridos entre os tres e os seis anos.**

Obxectivos:

- Desenvolver capacidades de exploración e investigación na horta.
- Familiarizarse co mundo das verduras, hortalizas, legumes..., estimulando un achegamento afectivo e positivo.
- Estimular a iniciativa e a autonomía dos/as nenos/as nas tarefas da hortiña.
- Coñecer o proceso de sementeira, plantación e coidados posteriores, básicos na horta.
- Estimular a afectividade cara ao consumo dos produtos comestibles que nos proporciona a horta.



FESTAS "ALGO GUAPO"



Descrición:

Esta actividade supón unha oportunidade para todos os rapaces e rapazas que participaron nos campamentos, excursións e hortas de verán de reencontrarse nun contexto festivo, de lembrar as súas aventuras estivais.

Durante dúas tardes de sábados teremos unha proxección audiovisual coas mellores imaxes do verán, unha actuación artística e unha pequena merenda de convivencia.



Destinatarios/as:

Nesta actividade poderán participar todos os **rapaces e rapazas que participaron na programación de verán do Servizo Municipal de Educación.**

Obxectivos:

- Reforzar os lazos afectivos entre as persoas participantes.
- Promover a convivencia e o respecto entre a veciñanza.
- Fomentar actitudes sas no uso do tempo libre.
- Entreter e divertir as persoas participantes durante unha tarde de setembro.



Temporalización:

Cada festa Algo Guapo celebrarase no **Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo** na urbanización **Os Regos** e comprende unha tarde de sábado da seguinte forma:

- Para os rapaces e as rapazas de **Campamentos e Excursións**, o **3 de setembro de 17:00 h a 19:00 h**
- Para os rapaces e as rapazas de **Mini 3 e Mini 5** e as **Hortas de verán**, o **10 de setembro de 17:00 h a 19:00 h**

Nota: Non hai limitacións de prazas, nin custo




REUNIÓN INFORMATIVAS



Reunións informativas das Actividades de Verán 2016 do Servizo Municipal de Educación para as familias.

Coa intención de facilitar ás familias calquera información relativa ás actividades anteriormente descritas sobre: desenvolvemento, programación, material, horarios, educadores/as, seguros, transporte, alimentación, actividades..., están programadas as seguintes reunións no **Auditorio do Centro Cultural A Fábrica en Santa Cristina.**

- **Campamentos (7-10 anos):** mércores **15 de xuño ás 20:00 h**
- **Excursión ás Fragas do Eume:** mércores **15 de xuño ás 20:45 h**
- **Mini 3 e Mini 5:** xoves **16 de xuño ás 20:15 h**
- **Excursión Mar de Lira:** xoves **16 de xuño ás 21:15 h**



CURSOS DE KAIK DE MAR



Descrición:

Orientada fundamentalmente ao aspecto recreativo, a través das actividades no kaiak de mar. Esta actividade realizarase nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz, situadas debaixo da pasarela de acceso ao castelo. A súa distribución será en cursos intensivos de 5 sesións cada un (10 horas). En cada curso ofertaranse 16 prazas e respectarase a ratio de 1 monitor/a para cada 8 alumnos/as. **(Obrigatorio saber nadar)**



Destinatarios/as:

Para mozos/as nados/as entre **2002 e 2006**


Obxectivos:

- Aproveitar e gozar do tempo de lecer en contacto co medio natural.
- Aprender a realizar as manobras de control e seguridade na embarcación.
- Aproveitar os valores a transmitir polo deporte, desenvolvemento das capacidades físicas e motrices, disposición ao esforzo persoal e ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade e a tolerancia.
- Coñecer as normas fundamentais de seguridade sobre o kaiak e prevención de riscos.
- Coñecer a praia de Santa Cruz e a súa contorna costeira, procurar a súa conservación e respecto.

Temporalización:

Meses de xullo e agosto. De **luns a venres**, en horario de **11:30 a 13:30 horas**. Realizaranse un total de 8 quendas durante o verán nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz.

- **1ª quenda:** do 27 de xuño ao 1 de xullo
- **2ª quenda:** do 4 ao 8 de xullo
- **3ª quenda:** do 11 ao 15 de xullo
- **4ª quenda:** do 18 ao 22 de xullo
- **5ª quenda:** do 1 ao 5 de agosto
- **6ª quenda:** do 8 ao 12 de agosto
- **7ª quenda:** do 22 ao 26 de agosto
- **8ª quenda:** do 29 de agosto ao 2 de setembro



CURSOS DE SURF

Descrición:

Na instalación náutica de Bastiagueiro.
Cursos de iniciación ao surf de 10 horas cada un,
de **luns a venres de 12:00 a 14:00 h.**
O Concello achegará todo o material necesario
(táboas e traxes). **(Obrigatorio saber nadar)**



Temporalización:

- **1ª quenda:** do 4 ao 8 de xullo
- **2ª quenda:** do 1 ao 5 de agosto



Destinatarios/as:

Para mozos/as nados/as entre **1999 e 2002**

Obxectivos:

- Destacar na práctica diaria o factor lúdico. A diversión debe ser prioritaria para crear afección e gusto pola actividade deportiva.
- Experimentar un xeito de mellorar as capacidades condicionais de forza, resistencia, coordinación, equilibrio e flexibilidade.
- Dar as ferramentas elementais para que ao remate do curso o alumnado adquira as nocións básicas do surf, así como o seu material e manexo.
- Coñecer a praia de Bastiagueiro (formación de olas, correntes...) normas de seguridade, riscos e precaucións.
- Educar na consecución de hábitos de conservación e respecto do medio ambiente.



CAMPAMENTOS DEPORTIVOS



Descrición:

As actividades incluídas nos campamentos deportivos pretenden aproveitar a recreación deportiva como ferramenta na ocupación do tempo de lecer, así como descubrir e dar a coñecer actividades e instalacións con posibilidades de práctica dentro do noso concello. O punto de encontro será o pavillón polideportivo municipal de Bastiagueiro na rúa Uxío Novoneyra s/n, Bastiagueiro-Liáns (GPS: N 43° 20' 23" W 8° 21' 02"); e desde alí, en caso necesario e segundo o programa diario, desprazarase ás persoas participantes en autobús facilitado polo Concello de Oleiros ata o lugar da actividade. Realizaranse un total de 9

quendas durante o verán. Cada campamento durará unha semana (de luns a venres, de 10:00 a 14:00 horas) e ofertará ata 30 prazas cada un. **(Obrigatorio saber nadar)**

Rogamos puntualidade á hora de deixar e recoller os/as participantes, tanto nas paradas do bus como no propio pavillón. O remate da actividade está programado para as 14:00 h.

A estrutura dos cinco días estará deseñada de forma que se realicen unha ampla variedade de actividades multideportivas que a continuación nomeamos:

Campamentos para nados/as entre 2009 e 2010

- **Luns:** xogos de presentación e xogos musicais
- **Martes:** xogos populares e xogos acuáticos
- **Mércores:** loita e *acrosport* na praia (en función da meteoroloxía)
- **Xoves:** escalada e patinaxe
- **Venres:** olimpíadas alternativas na praia (en función da meteoroloxía)

Campamentos para nados/as entre 2005 e 2006

- **Luns:** xogos de presentación e multideporte
- **Martes:** xogos populares e salvamento acuático
- **Mércores:** *bodyboard* e *ultimate* na praia (en función da meteoroloxía)
- **Xoves:** escalada e patinaxe
- **Venres:** kaiak e xogos con pas na praia (en función da meteoroloxía)

Campamentos para nados/as entre 2007 e 2008

- **Luns:** xogos de presentación e xogos predeportivos
- **Martes:** xogos populares e salvamento acuático
- **Mércores:** xogos de loita e *acrosport* na praia (en función da meteoroloxía)
- **Xoves:** escalada e patinaxe
- **Venres:** olimpíadas alternativas na praia (en función da meteoroloxía)

Campamentos para nados/as entre 2002 e 2004

- **Luns:** xogos de presentación e iniciación deportiva
- **Martes:** xogos populares, orientación e salvamento acuático
- **Mércores:** *bodyboard* e *ultimate* na praia (en función da meteoroloxía)
- **Xoves:** escalada e patinaxe
- **Venres:** kaiak e xogos con pas na praia (en función da meteoroloxía)

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS



Transporte:

Realizarase un percorrido de autobús polo termo municipal de Oleiros para recoller os/as alumnos/as e deixalos posteriormente nas paradas. É obrigatorio especificar na inscrición, da maneira máis precisa posible, o lugar da parada que se solicita, tanto de ida como de volta. O transporte conta con servizo de acompañante.

A listaxe cos horarios e paradas de autobús serán enviadas ao correo electrónico facilitado e tamén poderán ser consultadas no Servizo Municipal de Deportes o xoves anterior ao comezo de cada campamento.



Recomendacións:

Como norma xeral para as actividades multideportivas é necesario vestir roupa deportiva e cómoda, tamén é recomendable traer crema solar e viseira. **A media mañá** faremos un pequeno descanso para repoñer forzas polo que é aconsellable traer algo para comer (por exemplo unha peza de froita e auga).

Convén levar posto:

- Unha mochila pequena para gardar unha botella de auga e outras cousas.
- Calzado pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades multideportivas.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- Gorriña ou pucho para o sol.
- Botella de auga e peza de froita.
- Crema protectora para as/os nenas/os.
- Traxe de baño, gorro, chancletas e toalla para a sesión de xogos acuáticos.
- Traxe de baño, camiseta de cambio ou licra, chancletas e toalla nas sesións de *body* e *kaiaik*.

Temporalización:

Meses de xullo e agosto. De luns a venres, en horario de 10:00 a 14:00 horas. Pavillón polideportivo municipal de Bastiagueiro

- **1ª quenda** (nacidos/as en 2009 e 2010): do 27 de xuño ao 1 de xullo
- **2ª quenda** (nacidos/as en 2007 e 2008): do 4 ao 8 de xullo
- **3ª quenda** (nacidos/as entre 2002 e 2004): do 11 ao 15 de xullo
- **4ª quenda** (nacidos/as en 2005 e 2006): do 18 ao 22 de xullo
- **5ª quenda** (nacidos/as en 2007 e 2008): do 1 ao 5 de agosto
- **6ª quenda** (nacidos/as en 2005 e 2006): do 8 ao 12 de agosto
- **7ª quenda** (nacidos/as en 2009 e 2010): do 22 ao 26 de agosto
- **8ª quenda** (nacidos/as en 2007 e 2008): do 29 de agosto ao 2 de setembro



EXCURSIÓNS EN KAIK



Descrición:

Trátase de excursións en piraguas para maiores de 18 anos en kaiaks dobres e autobaleirables. Coñeceremos a costa de Oleiros e ríos singulares de Galicia. Para comunicar os puntos de saída e chegada utilizaremos microbus, ademais de ser o medio de transporte cando as excursións comecen e rematen fóra do termo municipal de Oleiros. As actividades serán guiadas en todo momento por dous monitores.

A inscrición para a excursión poderase facer por correo electrónico no enderezo:

deportes@oleiros.org ou en persoa no [Servizo Municipal de Deportes](#), no centro cultural A Fábrica.

Teléfonos: 981 610 000 ext. 4908 ou 4909

Material recomendado:

Bañador, toalla, gorra e crema solar.


Máis Información:

www.oleiros.org
Servizo Municipal
de Deportes



DATA	EXCURSIÓN	SAÍDA	HORARIO	Km	TIPO
21 maio	Betanzos - Caneiros	A Fábrica	15:30 ás 20:00 h	9	Circular
28 maio	Mera - A Fábrica	A Fábrica	16:30 ás 20:30 h	7	Lineal
4 xuño	Mera - Sta. Cristina	Sta. Cristina	16:30 ás 20:30 h	7	Lineal
25 xuño	Eume (mixta)*	A Fábrica	10:00 ás 18:00 h	8+8	Circular
2 xullo	Cecebre - A Fábrica*	A Fábrica	12:00 ás 17:30 h	11	Lineal
16 xullo	Cecebre - A Fábrica*	A Fábrica	12:00 ás 17:30 h	11	Lineal
20 agosto	Gandarío - Lorbé	Lorbé, porto	10:00 ás 14:00 h	8	Lineal
27 agosto	Gandarío - Lorbé	Lorbé, porto	10:00 ás 14:00 h	8	Lineal
3 setembro	Salvaterra - Tui*	A Fábrica	9:00 ás 18:00 h	15	Lineal
10 setembro	Canóns Sil*	A Fábrica	9:00 ás 19:00 h	12	Lineal

ESCOLA DE ARTES PLÁSTICAS



Descrición:

Unha escola de artes plásticas na que o papel, as pinturas e o barro, entre outros materiais, convértese en elementos que axudan a despertar a sensibilidade artística nos máis pequenos/as ao mesmo tempo que pasan un rato agradable con outros nenos e nenas da súa idade. Unha oportunidade de aproveitamento de forma lúdica e creativa do tempo de lecer.

Lugar de realización:

Diferentes instalacións municipais: **casa da cultura de Perillo, casa do pobo de Nós, centro cívico de Santa Cruz e casa do pobo de Lorbé.**

Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos **2004 e 2012**. Serán **15 participantes por cada quenda**.

Obxectivos:

Achegar os nenos e nenas a diversos materiais para que a través deles se expresen e ao mesmo tempo aprendan algunhas técnicas básicas para o seu manexo son algúns dos obxectivos deste obradoiro de verán. Xogar cos volumes, as proporcións, a textura e as cores dos distintos materiais utilizados e agudizar as percepcións son outros dos obxectivos perseguidos.

Temporalización:


Meses de xullo e agosto. Son oito quendas de dez sesións cada unha, cunha duración por sesión de **10:00 a 12:00 horas** ou das **12:00 ás 14:00 horas**.

Mes de xullo:

- **Do 1 ao 14:** *quenda I:* de 10:00 a 12:00 h na *casa da cultura de Perillo*/10 sesións
quenda II: de 12:00 a 14:00 h na *casa da cultura de Perillo*/10 sesións
- **Do 15 ao 29:** *quenda III:* de 10:00 a 12:00 h na *casa do pobo de Nós*/10 sesións
quenda IV: de 12:00 a 14:00 h na *casa do pobo de Nós*/10 sesións

Mes de agosto:

- **Do 1 ao 12:** *quenda V:* de 10:00 a 12:00 h na *centro cívico de Santa Cruz*/10 sesións
quenda VI: de 12:00 a 14:00 h na *centro cívico de Santa Cruz*/10 sesións
- **Do 18 ao 31:** *quenda VII:* de 10:00 a 12:00 h na *casa do pobo de Lorbé*/10 sesións
quenda VIII: de 12:00 a 14:00 h na *casa do pobo de Lorbé*/10 sesións



OBRADOIRO DE TEATRO INFANTIL



Descrición:

Obradoiro infantil de iniciación ao xogo teatral no que os nenos e nenas tomarán contacto co xogo físico teatral, cos xogos de relación e a creación de personaxes, o coñecemento do espazo escénico e os diferentes estilos teatrais de actuación.

Lugar de realización:

Teatro As Torres, en Santa Cruz

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos **2004 e 2009. 15 prazas por cada quenda.**

Obxectivos:

Mediante a realización de xogos e actividades, os rapaces desenvolven a expresión corporal e verbal, estimulan a creatividade e a imaxinación e aprenden a colaborar co grupo.



Temporalización:

• 1ª quenda - xullo:

Martes e xoves: 5 e 7, 12 e 14, 19 e 21, 26 e 28
Das 10:30 ás 12:00 h

• 2ª quenda - agosto:

Martes e xoves: 2 e 4, 9 e 11, 16 e 18, 23 e 25 e 30
Das 10:30 ás 12:00 h



OBRADOIRO DE TEATRO XUVENIL

Descrición:

Obradoiro dirixido a rapaces e rapazas que se inician no teatro ou que xa teñen certa experiencia e no que se inclúe xogo físico teatral, xogos de relación e a creación de personaxes, coñecemento do espazo escénico e diferentes estilos teatrais de actuación: máscara, clown, mimo e improvisación.

Lugar de realización:

Teatro As Torres, en Santa Cruz



Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos **1998 e 2003. 15 prazas por cada quenda.**

Obxectivos:

Utilizando distintas técnicas teatrais, buscarase que o alumnado descubra o maior número posible de ferramentas que comprende o traballo teatral. Para acadar este obxectivo, traballarase a expresión corporal e oral, a colocación no escenario, a manifestación de sentimentos, a improvisación e moitas outras técnicas. Tamén se procurará que o alumnado se acostume a traballar en equipo, aceptando as ideas alleas e aprendendo a expoñer e defender as propias para poder chegar a un consenso e así crear distintas escenas de forma colectiva. O obxectivo final é que o alumnado estimule a creatividade, mellore a autoestima e a confianza e adquira certas habilidades necesarias para poder representar unha pequena improvisación.

Temporalización:

• 1ª quenda - xullo:

Martes e xoves: 5 e 7, 12 e 14, 19 e 21, 26 e 28
Das 12:00 ás 13:30 h

• 2ª quenda - agosto:

Martes e xoves: 2 e 4, 9 e 11, 16 e 18, 23 e 25 e 30
Das 12:00 ás 13:30 h



OBRADOIRO DE OLERÍA INFANTIL



Descrición:

Obradoiro infantil de iniciación nas técnicas básicas da olería.

Lugar de realización:

Alfar do centro cultural As Torres,
en Santa Cruz




Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados/as entre o 2004 e 2009. 15 prazas en cada quenda.

Obxectivos:

O obxectivo principal é o achegamento lúdico á obra cerámica, especialmente a olería. Aprender a xogar coas cores e volumes e a utilizar dun xeito divertido diferentes instrumentos de transformación do material.

Ao tratarse dun obradoiro de iniciación, os nenos e nenas participantes poderán coñecer o seguimento de todo o proceso de creación dunha peza: construción, modelado, decoración, secado, biscoito, vidrado, cocción. Nunha cocción final poderán comprobar os resultados dos traballos realizados durante as clases.



Temporalización:

● 1ª quenda - xullo:

Martes e xoves: 5 e 7, 12 e 14, 19 e 21, 26 e 28
Das 12:00 ás 13:30 h

● 2ª quenda - agosto:

Martes e xoves: 2 e 4, 9 e 11, 16 e 18, 23 e 25 e 30
Das 12:00 ás 13:30 h

OBRADOIRO DE OLERÍA XUVENIL

Descrición:

Obradoiro xuvenil de iniciación nas técnicas básicas da olería.

Lugar de realización:

Alfar do centro cultural As Torres,
en Santa Cruz



Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos **1998 e 2003. 15 prazas por cada quenda.**

Obxectivos:

O obxectivo principal é o achegamento lúdico á obra cerámica, especialmente a olería.

Ao tratarse dun obradoiro de iniciación, os participantes poderán coñecer o seguimento de todo o proceso de creación dunha peza: construción, modelado, decoración, secado, biscoito, vidrado, cocción. Nunha cocción final poderán comprobar os resultados dos traballos realizados durante as clases.

Trátase de acadar unha visión xeral das posibilidades que ofrece a cerámica nas súas diferentes técnicas e de incentivar a creatividade e o gusto polas manifestacións artísticas, fomentando o respecto polos oficios tradicionais. Poderán aprender os conceptos elementais de coñecemento de materias primas, procesos, vocabulario, estilos, etc.

Temporalización:

● 1ª quenda - xullo:

Martes e xoves: 5 e 7, 12 e 14, 19 e 21, 26 e 28
Das 10:30 ás 12:00 h

● 2ª quenda - agosto:

Martes e xoves: 2 e 4, 9 e 11, 16 e 18, 23 e 25 e 30
Das 10:30 ás 12:00 h



OBRADOIRO DE COCIÑA CREATIVA E EDUCATIVA



Descrición:

Os nenos e nenas descubrirán novos alimentos, produtos e sabores, e novas maneiras de xantar e combinar produtos xa coñecidos así coma sabores de culturas gastronómicas de diferentes lugares do mundo. Por suposto tamén aprenderán deliciosas e orixinais receitas sinxelas e saudables, engadindo novos sabores e combinacións de alimentos, tendo en conta a manipulación e experimentación con alimentos básicos e novos produtos (como por exemplo as algas), a precaución e prevención na cociña, a limpeza e orde ou a presentación dos pratos.

Lugar de realización:

Centro cívico de Santa Cruz.



Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos **2004 e 2009**. **Serán 15 participantes en cada quenda.**

Obxectivos:

Este obradoiro pretende achegar aos nenos e ás nenas a información e os coñecementos básicos sobre a importancia dunha correcta alimentación, os hábitos de consumo saudables e a manipulación dos alimentos. Tamén coñecerán a importancia do coidado do medio ambiente en relación á alimentación e á procedencia dos alimentos, xa que a cociña ponnos en contacto coa natureza, facéndonos conscientes da necesidade de ter unha relación máis harmoniosa e sensible coa nosa contorna; polo que as persoas participantes informaranse tanto do tratamento dos desfeitos coma do uso racional dos recursos, pasando polo aproveitamento dos produtos da terra.



Temporalización:

Dúas quendas no mes de xullo, con seis sesións de hora e media cada unha en horario de mañá: de 10:30 a 12:00 horas.

As clases impartiranse os luns, mércores e venres coa seguinte distribución:

- **Primeira quenda:** 1, 4, 6, 8, 11 e 13 de xullo, de 10:30 a 12:00 horas
- **Segunda quenda:** 15, 18, 20, 22, 27 e 29 de xullo, de 10:30 a 12:00 horas

OBRADOIRO DE INGLÉS A TRAVÉS DAS ARTES



Descrición:

Trátase dunha actividade pedagóxica e cultural de aprendizaxe do inglés a través das artes, empregando como motor o recurso dramático, o teatro, a música e a danza e introducindo ao alumnado nun entorno positivo de achegamento a este idioma, con xogos atractivos e divertidos e retos a superar.

Lugar de realización:

Centro cultural de Montrove



Temporalización:

• Mes de xullo:

Serán **8 sesións** cunha duración por sesión dunha hora e media en horario de mañá: **de 10:30 a 12:00 horas.**

Martes e xoves 5, 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28 de xullo de 10:30 a 12:00 horas

Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos **2010 e 2012. Serán 15 participantes.**

Obxectivos:

O obradoiro inclúe un obxectivo lingüístico, de aprendizaxe do inglés e un obxectivo artístico, de aprendizaxe de técnicas e recursos expresivos, e todo desde unha perspectiva de traballo en equipo e desenvolvemento socioeducativo.

A dinámica de desenvolvemento deste obradoiro inclúe actividades de quecemento, interpretación, música, xogos, artes plásticas e traballos manuais, contacontos, xogos de rol e danza e movemento.



OBRADOIRO DE ARTE E MOVEMENTO



Descrición:

Trátase dun obradoiro de danza creativa que utiliza a danza, o movemento, a música, a observación, a interacción, a imaxinación e o xogo para establecer unha intervención educativa cos máis pequenos/as. Nestas sesións os nenos e nenas adquirirán novas habilidades persoais, sociais e de comunicación, favorecendo a confianza e a seguridade, a autoestima e o autocoñecemento, axudándolles a xestionar emocións, identificar límites, aprender a respectar, establecer relacións positivas cos outros e promover a integración grupal.

As distintas dinámicas e actividades deste obradoiro fórmulanse sempre desde unha perspectiva lúdica, de participación voluntaria e divertimento e motivación constante.



Temporalización:

• Mes de agosto:

Serán 8 sesións cunha duración por sesión dunha hora e media en horario de mañá, martes e xoves **de 10:30 a 12:00 horas.**


Martes e xoves 2, 4, 9, 11, 16, 18, 23 e 25 de agosto, de 10:30 a 12:00 horas

Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos **2010 e 2012. Serán 15 participantes.**

Lugar de realización:

Centro cultural de Montrove.



OBRADOIRO DE GRAVADO



Descrición:

Os participantes darán neste obradoiro os primeiros pasos para coñecer e aprender a utilizar as técnicas básicas do gravado e a estampación, empregando materiais coma pranchas de caucho, pranchas de cartón gris encolado, cola branca, tinta negra e tinta de cores primarios, rolos, trapos, espátulas, acetatos, paletas, punzóns, lapis, papeis, luvas, cinta de carroceiro, tórculo, etc.

Lugar de realización:

Casa da cultura de Perillo



Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos **2004 e 2009**. Serán **15 participantes**.

Obxectivos:

Este obradoiro pretende achegar aos nenos e nenas as técnicas básicas de gravado e estampación con materiais non tóxicos.

O obxectivo é coñecer e aprender a realizar gravados coas técnicas de:

- Gravado sobre prancha de caucho sintético e estampación con tinta.
- Collagraph (Collage realizado con diferentes materiais para conseguir texturas (papel, telas, material reciclado...) sobre unha prancha de cartón e estampación con tinta.

Temporalización:

● Mes de agosto:

Unha quenda de **seis sesións** de hora e media en horario de mañá: **de 10:30 a 12:00 horas**. As clases impartiranse os luns, mércores e venres coa seguinte distribución:

Luns, mércores e venres 1, 3, 5, 8, 10 e 12 de agosto, de 10:30 a 12:00 horas



AULAS DE VERÁN

DA ESCOLA
MUNICIPAL
DE DANZA



Descrición:

As aulas de verán constitúen un proxecto educativo que pretende abrir e dar a coñecer a Escola Municipal de Danza, ofertando obradoiros de danza, dramatización, expresión corporal e outras manifestacións artísticas a través da actividade lúdica, promocionando as artes escénicas como unha actividade máis dentro do tempo de lecer da infancia e da xuventude.

A proposta de aulas de verán é unha experiencia que trata de abrir os espazos e as artes escénicas relacionadas coa danza á poboación xeral a partir dos seis anos de idade, e que pretende pulsar a demanda infantil e xuvenil nos ámbitos escénicos.

Prazas:

As aulas de verán están deseñadas para **20 participantes máximo/grupo**, ata un **máximo de 200 participantes/10 grupos**.

Temporalización:

En cada quenda, 1 semana, poderanse inscribir nos seguintes grupos:

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO
● Grupo I, danza clásica	2008 a 2010
● Grupo II, danza clásica	2005 a 2007
● Grupo III, danza clásica	2004 e anteriores
● Iniciación, danza moderna	2006 e anteriores
● Avanzado, danza moderna	2006 e anteriores

Quenda I: do 4 ao 8 de xullo, de 10:00 a 13:00 h (*grupos I e II*)
de 10:00 a 14:00 h (*grupo III*)

Quenda II: do 11 ao 15 de xullo, de 10:00 a 13:00 h (*grupos I e II*)
de 10:00 a 14:00 h (*grupo III*)

Obxectivos:

- Fomentar a danza e as artes escénicas como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais por medio de actividades como a danza, a dramatización, a expresión corporal e a plástica.
- Respetar, valorar e enriquecer a linguaxe corporal.
- Desenvolver aspectos técnicos aos que amosen máis aptitudes e destrezas.
- Traballar aspectos expresivos propios da danza.
- Aprender pezas do repertorio básico da danza.



AULAS DE VERÁN

DA ESCOLA
MUNICIPAL
DE DANZA



DANZA CLÁSICA

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO	HORARIO
● Nivel básico	2008 a 2010	de 10:00 a 13:00 h
● Nivel iniciación	2005 a 2007	de 10:00 a 13:00 h
● Nivel intermedio	2004 e anteriores	de 10:00 a 14:00 h

STREET DANCE

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO	HORARIO
● Nivel iniciación Hip Hop e Jazz Funk	2006 e anteriores	de 11:00 a 12:30 h
● Nivel intermedio-avanzado Hip Hop e Jazz Funk, Ragga Jam - Dancehall	2006 e anteriores	de 12:30 a 14:00 h



CALENDARIO DE INSCRICIÓNS 2016

Do 27 de abril ao 6 de maio: preinscrición

Do 11 ao 13 de maio: publicación de listas e reclamacións

O 19 de maio: sorteo público

Do 23 ao 25 de maio: publicación de listas definitivas

Do 27 de maio ao 8 de xuño: pagamento e entrega de documentación

O 10 de xuño: publicación de vacantes

Do 13 o 15 de xuño: prazo de formalización de prazas vacantes para persoas previamente preinscritas

A partir do 17 de xuño: inscrición libre para prazas vacantes

Os modelos de **preinscrición**, así como o **folleto informativo**, estarán dispoñibles:

- 1) Na web municipal www.oleiros.org, na carpeta cidadá (non é necesario estar rexistrado/a).
- 2) Na conserxería do centro cultural A Fábrica (Perillo).

■ Admitirase unha única solicitude por persoa e nela poderán marcarse ata un máximo de 10 actividades, indicando a orde de preferencia.

■ No caso de querer facer calquera modificación respecto á solicitude inicial será requisito imprescindible dirixirse persoalmente á conserxería do centro cultural A Fábrica.

■ Terán prioridade na adxudicación das prazas as persoas empadroadas no Concello de Oleiros.

■ No caso de haber máis solicitantes empadroados/as que prazas resolverase por sorteo público o xoves 19 de maio ás 13.00 h, no auditorio do centro cultural A Fábrica.

■ No caso de que unha persoa resulte admitida

nunha actividade e teña irmáns ou irmás solicitantes de praza na mesma actividade, estes últimos incorporaranse á lista de admitidos/as.

■ Unha vez admitidos/as informarase na web municipal e na conserxería do centro cultural A Fábrica (Perillo) das instrucións de pagamento e formalización de praza.

■ Os que pretendan acollerse a algunha bonificación (Servizos Sociais, familia numerosa...) deberán acreditarlo previamente ao pagamento na conserxería da Fábrica.

■ Será imprescindible achegar o xustificante do pagamento das actividades antes do 8 de xuño, en caso contrario perderase o dereito da reserva.

TÁBOA DE PREZOS DAS DISTINTAS ACTIVIDADES

	Empadroados/as	Non empadroados/as
Mini 3	43,00 €	79,00 €
Mini 5	76,00 €	138,00 €
Campamentos	83,00 €	151,00 €
Excursión Fragas do Eume	96,00 €	174,00 €
Excursión Mar de Lira	160,00 €	291,00 €
Hortas de verán	9,00 €	16,00 €

	Empadroados/as	Non empadroados/as
Cursos de kaiak	18,00 €	30,00 €
Curso de surf	36,00 €	60,00 €
Campamentos deportivos <i>Transporte incluído</i>	40,00 €	66,00 €
Excursións en kaiak		
<i>Tarifa I: Percorridos que rematan no termo municipal</i>	14,00 €	23,00 €
<i>Tarifa II: Percorridos provincia da Coruña</i>	18,00 €	30,00 €
<i>Tarifa III: Percorridos noutros puntos de Galicia</i>	43,00 €	71,00 €
<i>Tarifa IV: Percorrido mixto kaiak e sendeirismo</i>	33,00 €	55,00 €

	Empadroados/as	Non empadroados/as
Escola de artes plásticas	25,00 €	42,00 €
Obradoiro de teatro infantil e xuvenil	15,00 €	24,00 €
Obradoiro de olería infantil e xuvenil	22,00 €	36,00 €
Obradoiro de cociña educativa e creativa	18,00 €	30,00 €
Obradoiro de inglés a través das artes	24,00 €	40,00 €
Obradoiro de arte e movemento	36,00 €	59,00 €
Obradoiro de gravado	31,00 €	52,00 €

	Empadroados/as	Non empadroados/as
Grupo I: Danza clásica	23,00 €	38,00 €
Grupo II: Danza clásica	23,00 €	38,00 €
Grupo III: Danza clásica	36,00 €	60,00 €
Iniciación Danza moderna	13,00 €	21,00 €
Avanzado Danza moderna	13,00 €	21,00 €

*As miñas actividades
de verán preferidas:*

As miñas notas




Todas as actividades, organizámolas
para ti desde o:

■ **Servizo Municipal de Educación**
ensino@oleiros.org
Tel.: 981 636 598

■ **Departamento de Cultura**
cultura@oleiros.org
Tel.: 981 636 598

■ **Servizo Municipal de Deportes**
deportes@oleiros.org
Tel.: 981 636 598

■ **Centro de Información Xuvenil**
c.xuventude@oleiros.org
Tel.: 981 636 598



Concello de  Oleiros

www.oleiros.org